



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



MINISTERIO
DE IGUALDAD



Concello de Mugardos

NOTA INFORMATIVA ESPAZO INFANTIL DE XOGO VERÁN 2025

O EIX está regulado polas “*Bases xerais de funcionamento e acceso ao Espazo Infantil de Xogo*” BOP Número 101. 30/05//2018

Recórdase que **non hai servizo de almorzo**, polo que é recomendable que vaian almorzados da casa, xa que ata a merenda de media mañá non comerán nada.

O **horario completo é de 08:00 a 14:00**, e o **horario reducido de 10:30 a 14:00**.

Os horarios solicitados na ficha de inscrición non poderán ser modificados unha vez publicada a lista definitiva de admitidos/as agás que se solicitase 5 días hábiles antes do período concedido.

Os/as nenas/os con servizo de xantar pasarán, acompañados polo monitorado, ao comedor en horario de 14:00 a 15:30 horas.

As e os **menas/os que non usen o servizo de comedor deberán ser recollidos antes das 14.00 h e os/as usuarios de comedor antes das 15.30h.**

Non se poderá deixar os nenos e as nenas antes do horario concedido, aínda que haxa persoal no centro.

A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polas monitoras responsables abrangue exclusivamente a franxa horaria de funcionamento dos servizos.

Todos os/as participantes deberán traer a diario (marcado á vista co nome do neno/a):

- Gorra ou viseira.
- Auga (cantimplora ou botella plástica)
- Roupa cómoda que facilite a súa mobilidade (chandal ou similar), e/ou mandilón (marcado)
- Merenda de media mañá, tal e como se especificará ao inicio da actividade

(Non se admitirán alimentos de repostería/bolería industrial, chuches, chokolatinas, paquetes de snacks, etc.).

É importante que os **teléfonos de contacto facilitados na solicitude estén operativos ante calquer comunicación urxente** que se precise dar do neno ou da nena.